



de 12 anos  
en diante

**árbore / galaxia**

***Os gazafellos***

Pepe Carballude

Editorial Galaxia

PVP 11€ IVE incluído

ISBN 84-8288-923-0

## OS GAZAFELLOS

**Se o teu desexo é atopar un gazafello, velaquí o libro que necesitabas. Léndoo coñecerás todos os segredos e curiosidades destas estrañas criaturas difíciles de atopar coma ningunhas outras. Tamén saberás dun pazo misterioso, de libros fantásticos, da necesidade da amizade e da vida sinxela e auténtica da aldea.**

***Os gazafellos* é unha ponte entre realidade e fantasía escrita por Pepe Carballude**

**P**epe Carballude naceu na aldea de Rubín (A Estrada) en 1956. Desde pequeno medrou escoitando contos populares e oíndo falar de lobos, de pantasmas, de mouros ou de tesouros agochados. E, por suposto, tamén de gazafellos, na procura dos cales se cadra aínda andou cando tiña a túa idade. Desa vivencia da literatura que se contaba e se transmitiu de xeración en xeración en Galicia, naceu o seu desexo de escribir. Tamén da súa paixón polos autores latinos e gregos, aos que coñece ben grazas aos seus estudos de Filoloxía Clásica. Pero a súa gran paixón sempre foi escribir. Con varios títulos da súa autoría que o sitúan entre os máis destacados escritores para nenos e mozos da lingua galega, Pepe Carballude conseguiu tamén importantes premios, como O Barco de Vapor, que gañou en dúas ocasións.

**E**nriquecendo esta edición de *Os gazafellos* e facendo dela unha pequena obra de arte, atopamos as magníficas ilustracións do coñecido e prestixioso pintor ourensán Xaime Quessada, que se estreia como ilustrador de libros infantís con esta obra.



EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201. Vigo. Telf: 986 432 100 / Fax: 986 223205

galaxia@editorialgalaxia.es